



# Concello de **OURENSE**

## **EXPEDIENTE Nº 2017013929**

DECRETO .- Ourense, 15 de maio de 2017.

Visto o expediente de referencia, da aprobación da convocatoria para a selección de proxectos de accións formativo-participativas da Concellería de Participación Cidadá.

Visto o informe xurídico emitido en data 15 de maio de 2017 polo xefe de servizo dando cumprimento ao disposto nos artigos 172 e 175 do ROF.

Considerando que a presente convocatoria non leva aparelado compromiso algún de gasto polo que non é preceptivo o informe da Intervención municipal.

En uso das atribucións que teño conferidas en virtude a Disposición Adicional 2a do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da lei de contratos do sector público, e o acordo de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de 30 de marzo de 2017, e o Decreto no 2017002214, de 30 de marzo de 2017, de delegación de atribucións do Alcalde e o artigo 3 das bases para a selección de proxectos formativo-participativos de Participación Cidadá, aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 3/11/2016,

**RESOLVO:**

1.- Aprobar a convocatoria para a selección de proxectos formativo-participativos para Participación Cidadá para o ano 2018.

2.- Ordenar a súa publicación na páxina web do Concello e nun dos xornais de máxima difusión da Provincia.

O manda e asina o Concelleiro de Participación Cidadá do que eu, Oficial Maior, dou fe.

O Concelleiro delegado de Participación Cidadá

O Oficial Maior

Asdo.:D. Francisco Carlos Campos San Martín

Asdo.: Carlos Javier Fernández Fernández